



PLAN DE CONVIVENCIA

**CEP CELSO EMILIO FERREIRO
2014-15**

ESQUEMA

1. CONTEXTO SOCIO-EDUCATIVO DO CEP CELSO EMILIO FERREIRO

2. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. DOCUMENTOS AFECTADOS POLO PLAN DE CONVIVENCIA:

- O proxecto Educativo (PE)
- Normas de Organización e Funcionamento (NOF)
- O Plan de Acción Titorial (PAT)

4. O QUE ENTENDEMOS POR CONVIVENCIA

5. A DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

6. CAUSAS DOS PROBLEMAS DE CONVIVENCIA

7. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

8. A PREVENCIÓN DOS CONFLITOS:

- Os valores que defendemos
- O estilo educativo que queremos promover
- As normas de aula e o papel do titor e do profesorado
- O plan de acollida para alumnado e profesorado novo
- O plan de acollida para alumnado estranxeiro
- O plan de mediación para a resolución dos conflitos
- Os programas preventivos co alumnado do Centro
- O traballo cos pais/nais

9. AS MEDIDAS DE TRATAMENTO DOS CONFLITOS

- Desde a Aula

- Desde o grupo de mediación
- Desde a atención ao alumnado con alteracións conductuais que dificultan a convivencia (secuencia de medidas correctoras)
- Desde a actuación ante situacións de posible acoso escolar
- Desde a Comisión de Convivencia
- Desde a Aula de Convivencia

10. IMPLICACIÓN E FUNCIÓNS DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Equipo directivo
- Profesorado
- Alumnado
- Familias
- Outros profesionais e Institucións

11. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO. DEREITOS E DEBERES DOS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

12. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

13. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIENCIA.

14.SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

15. REVISIÓN E ENRIQUECEMENTO DO PLAN

Anexo I: Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

1. CONTEXTO SOCIO-EDUCATIVO DO CEP CELSO EMILIO FERREIRO

Descrición do centro

O noso centro é un centro de ensino público de Educación Primaria.

Consta de tres edificios : edificio principal, aulario e pavillón deportivo

No edificio principal hai : 12 aulas, 1 aula de relixión/apoio, aula de audición e linguaxe, aula de pedagogía terapéutica, biblioteca, departamento de inglés aula de Tecnoloxía (que se utiliza como almacén), aula de Plástica, aula de Ciencias Naturais, aula de Música, aula de Informática, despacho de orientación, despachos de dirección e xefatura de estudos, administración e secretaria, sala de profesores, sala de usos múltiples, sede da ANPA e aseos, e a antiga casa do Conserxe, actualmente en reconversión nunha biblioteca.

No aulario hai 8 aulas, das cales se utilizan tres como espazo de comedor e outra como aula matinal. Do primeiro andar se utilizan dúas aulas para unha actividade de Mediación Social, promovida pola Cruz Vermella, e outra que esta acondicionada para a realización dalgunhas actividades extraescolares. Ademais hai 1 titoría, e aseos nas dúas plantas.

O recinto conta tamén cun pavillón equipado con aseos, vestiarios e cuarto de material.

Os edificios están rodeados por espazos verdes, pistas deportivas e aparcadoiro. Dispón tamén dunha horta e diferentes espazos adicados a plantas aromáticas e medicinais.

Situación e características

O CEP Celso Emilio Ferreiro ubícase dentro do casco urbano de Vigo, no barrio de Coia.

O alumnado ten transporte escolar gratuíto. O centro conta con servizo de comedor xestionada pola ANPA

O centro mantén unha colaboración estreita co resto dos centros da zona especialmente coa EEI "Cristo da Victoria" que está adscrita e nutre de alumnos os cursos de Ed.Primaria.

Tamén hai unha gran colaboración co IES Álvaro Cunqueiro, centro adscrito, sobre todo en determinadas celebracións e tamén para facilitar o paso a Secundaria, do alumnado que cursa o último curso de Primaria.

A situación laboral dos pais é de asalariados cun soldo medio-baixo e con maior índice de paro no caso das nais. Os estudos dos proxenitores son primarios e a célula familiar esta composta polos proxenitores e dous fillos.

A maioría das familias é orixinaria da zona, aínda que estase experimentando un aumento de alumnado procedente do estranxeiro (Hispanoamérica, Europa do Leste, África) e tamén de etnia xitana.

O alumnado deste Centro é moi variado (alumnado de integración tardía, dificultades de linguaxe,...).

O claustro o forman 21 profesores de Educación Primaria.

Alumnado por etapas e niveis

12 unidades de Educación Primaria

Total de alumnos :236 alumnos

2. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia do noso centro ten como finalidade promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, así como favorecer a resolución pacífica dos conflitos, implicando a todos os membros da comunidade educativa.

PRINCIPIOS DA REGULACIÓN DA CONVIVENCIA DO CENTRO

A regulación da convivencia é unha necesidade do centro cando a partir dos mecanismos de adaptación mutua non se resolven de forma satisfactoria os conflitos que de forma natural están presentes no noso centro. O presente PLAN DE CONVIVENCIA do noso centro trata acerca dos mecanismos de **resolución positiva** de conflitos.

De acordo co PEC do centro, a regulación da convivencia basearase nos seguintes principios:

a. Principio de colaboración. Nas solucións buscarase sempre que tódalas partes do conflito se sintan ganadoras (eu gano, ti ganas).

b. Principio de reconciliación. As solucións incluírán sempre medidas que faciliten a mellora das relacións deterioradas entre as partes do conflito.

c. Principio de reconstrución. As solucións incluírán medidas a fin de reparar o dano causado.

d. Principio de prevención. No análise terase en conta se existen medidas organizativas e xerais que sirvan para diminuír a aparición dos conflitos que non cheguen a unha fase de confrontación grave.

e. Principio de participación. Na solución fomentarase a participación de tódalas partes.

f. Principio de resolución. Comprobarase periodicamente que o conflito está resolto.

g. Principio de respecto dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa. As solucións desenvolveranse no marco do respecto aos dereitos de todos.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
2. Previr comportamentos disruptivos e de acoso entre iguais.
3. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima de clase para evitar a conflictividade e diminuír as condutas máis graves.
4. Proceder ante os problemas de conduta, seguindo uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todos os mestres, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
5. Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para solventar problemas de convivencia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro, facendo bo uso das instalacións e dos materiais didácticos e respectando as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- Rexeitar a exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, a ridiculización, a humillación, o dominio, a indiferenza no trato interpersonal, o derrotismo...
- Recoñecer a responsabilidade cando se comete unha falta e comprometerse a non reincidir.

- Protexer ao alumnado contra a agresión física e moral, dando resposta inmediata contra o acoso ou a intimidación entre iguais.
- Empregar o diálogo e a mediación para a resolución positiva dos conflitos.
- Implicar a todos os membros da comunidade educativa na mellora do clima de convivencia do centro.

3. DOCUMENTOS AFECTADOS POLO PLAN DE CONVIVENCIA

Os principais documentos que regulan a organización xeral do centro son:

- O Proxecto Educativo (PE)
- As Normas de Organización e Funcionamento (NOF)
- O Plan de Acción Titorial (PAT)
- Plan de Atención a Diversidade

Ditos documentos recollen e desenvolven os procedementos a seguir para a promoción do clima de convivencia, e para a resolución dos problemas e conflitos que aparezan.

O Proxecto Educativo recolle : [Artigo 121 LOE]

- Os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación.
- A concreción dos currículos establecidos pola Administración Educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro.
- O tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outros ensinos.
- A forma de atención á diversidade do alumnado e acción titorial.
- O Plan de convivencia.
- O Plan de normalización lingüística.
- As Normas de Organización e Funcionamento.

- O Plan de Acollida.

O NOF é o documento que recolle as normas e as instrucións que regulan a organización e o funcionamento do centro educativo. Está incluído no Proxecto Educativo e consta dos seguintes elementos fundamentais:

- Composición e funcionamento dos distintos órganos de goberno e de xestión do centro.
- Dereitos e deberes dos distintos colectivos que compoñen a comunidade escolar.
- Recursos: uso de espazos, sistema de saídas, excursións, acceso ao material...
- Normas para a convivencia.

O NOF é, polo tanto, o documento específico para marcar as pautas de convivencia que se van seguir no centro, por iso resulta especialmente importante que recolla a cultura de resolución positiva dos conflitos e que regule con claridade tanto as estruturas e servizos especificamente pensados para o fomento da convivencia e a resolución de conflitos (Comisión de Convivencia, Servizo de Mediación...), coma aqueloutros máis xerais pero con responsabilidade directa nestes ámbitos (Consello Escolar, Equipo Directivo, Claustro de Profesores, titorías, Departamento de Orientación...).

A Acción Titorial é a actividade docente máis especificamente indicada para traballar co alumnado a convivencia escolar e a resolución de conflitos, sen esquecer que esa tarefa é responsabilidade de toda a comunidade educativa. O Plan de Acción Titorial pretende ser unha guía da tarefa titorial, incluíndo un Programa de Habilidades Sociais Básicas.

O Plan de Atención á Diversidade

- Servir de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.

- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas. Só se isto non fora posible, por un crecemento excepcional de novas necesidades, se procedería á solicitude dos recursos correspondentes.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- Garantir a actuación coordinada de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen co alumnado con NEAE.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as; e
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.

4. O QUE ENTENDEMOS POR CONVIVENCIA

Partimos da seguinte definición de convivencia:

CONVIVENCIA é a arte de vivir en paz e harmonía coas persoas e o medio que nos rodea, baseado no exercicio da liberdade, da responsabilidade e do respecto á diferenza e á capacidade dos integrantes do noso centro de ensino para elixir a conduta axeitada e, en caso contrario responder das consecuencias das nosas accións.

Para iso o noso Centro dótase de normas operativas claras e acordos precisos que permitan o exercicio dunha axeitada convivencia que contribúa ao desenvolvemento integral dos alumnos.

5. A DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

No noso Centro podemos separar en dous grupos as condutas conflitivas que atopamos :

- As condutas disruptivas
- As condutas violentas :
 - O acoso escolar (Bullying).
 - O dano ás propiedades e vandalismo.
 - As pelexas entre alumnos/as ou grupos de alumnos/as.
 - A conduta agresiva antisocial.

As condutas disruptivas:

Entendemos por "disrupción" todo un conxunto de condutas inapropiadas do alumnado dentro das aulas con efectos negativos para o desenvolvemento normal das clases. Citamos algunhas das condutas máis habituais:

- Levantarse a destempo
- Falar durante as explicacións
- Non atender nin deixar atender aos compañeiros, etc.
- Chegar tarde a clase reiteradamente
- Pedir con certa frecuencia saír ao baño
- Pintar nas mesas ou paredes
- Tirar cousas pola clase
- Emitir ruídos ou berros na clase
- Saír ou entrar desordenadamente
- Non realizar as tarefas encomendadas polo profesor
- Falta de interese, pasividade ou inactividade
- Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo, roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación física)
- Falar cando está falando o profesorado
- Non obedecer as instrucións do profesorado
- Levantarse do sitio sen permiso
- Faltarlle ao respecto a algún profesor/a, compañeiro/a, outro membro da comunidade educativa

As condutas violentas

Nalgúns casos observamos algunhas condutas agresivas, moi pretas da violencia, sen que as persoas que provocan o conflito saiban controlarse. Nestas condutas prodúcese un dano físico, verbal ou psicolóxico causado a outra persoa de xeito intencionado nuns casos e instintivo noutros.

- O comportamento Bullying definido coma a “violencia mantida, mental ou física, guiada por un individuo ou por un grupo e dirixida contra outro individuo que non é capaz de defenderse a si mesmo nesa situación e que se desenvolve no ámbito escolar”. Trátase dun maltrato entre iguais porque supón unha agresión reiterada cara unha persoa de menor status

de poder. Este maltrato pode adoptar diferentes formas : Agresión física (patadas, puñetazos...); Agresión verbal (alcumes, insultos, ameazas, intimidacións, comentarios racistas, humillacións...; Agresión indirecta (inducir a agredir a un terceiro) ; Agresión social (propagar rumores pexorativos, rexeitamento e exclusión social). **Anexo I: Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.**

- O dano ás propiedades e vandalismo. É un dano intencionado contra as propiedades da escola (mobiliario e/ou material educativo)
- As pelexas entre alumnos/as ou grupos de alumnos/as. Trátase de episodios de agresividade verbal (falar mal do outro, ofender, insultar, poñer alcumes...) ou física (pegar, golpear con obxectos, morder, empuxar, dar tortas, facer a cambadela...) entre un/unha ou varios/as alumnos/as, como forma de solucionar un determinado conflito ou como resposta a unha provocación percibida.
- A conduta agresiva antisocial. Trátase dun problema grave de conduta, manifestado na relación cos demais, tanto compañeiros coma profesores ou membros da familia, e caracterizado por agresividade constante, impopularidade, impulsividade, baixa conciencia moral, violación dos dereitos alleos e das normas sociais.

6. CAUSAS DOS PROBLEMAS DE CONVIVENCIA

Existen factores, tanto externos como inherentes á institución escolar, que favorecen e determinan a aparición dos conflitos na escola:

Factores externos á institución escolar:

- A situación familiar. Neste contexto favorecen a conflictividade as seguintes situacións: a desestructuración familiar; a violencia familiar que os alumnos van interiorizando como forma de resolver conflitos; os autoritarismos, onde o máis forte domina e impón os seus criterios; a permisividade esaxerada, con ausencia de normas claras, coherentes e consistentes que guíen o comportamento dos menores; a falta de afecto no fogar e a falta de atención aos fillos/as.
- O contexto social : o desemprego, a falta de recursos económicos, a incorporación de emigrantes en condicións inadecuadas, o consumo de alcohol e outras drogas...
- Os medios de comunicación: a televisión, o cine, as revistas, os videoxogos, a prensa..., en xeral ofrecen unha carga significativa de violencia e agresividade, tanto física coma psíquica.

Factores inherentes á institución escolar:

- O cuestionamento da utilidade da escola: instalados na cultura do goce do presente, lonxe da cultura do esforzo, resulta difícil conseguir que o alumnado se centre nas tarefas escolares.
- A descompensación das funcións da escola: A finalidade máis importante da escola é a educación; pero, na práctica, dáselle moita maior importancia á transmisión de coñecementos. Importa moita máis que un alumno obteña boas cualificacións nas distintas áreas que a súa formación integral ou que o seu comportamento educado.
- O clima da escola: a falta de unidade en torno a implicación do profesorado, a dificultade para consensuar valores comúns, a disparidade de respostas na acción educativa, o énfase nunha disciplina moi autoritaria ou permisiva, a falta de atención á persoa do alumno, a interculturalidade...

- O alumnado: se o alumno non asume responsabilidades no propio proceso da súa educación, se as clases son só maxistras nas que o alumno xoga o papel de receptor pasivo, se non hai comunicación fluída entre profesor e alumnos, esta situación pode ser determinante no nivel de conflictividade. Tamén a mala relación entre alumnos, materializada en condutas coma existencia de grupos de presión, faltas de respecto, agresións cotiás, desintegración de certas minorías..., conleva un clima escolar negativo que favorece a escalada de conflitos. En definitiva a falta ou deterioro da motivación do alumnado de cara ao esforzo que supón o traballo intelectual da vida académica, afecta directamente, non só ao rendemento escolar, senón tamén ás relacións sociais do centro, converténdose así nunha fonte permanente de conflito.

7. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na Lei de Convivencia e no Decreto que a desenvolve, no Plan de convivencia e nas normas de organización e funcionamento do centro.

A Comisión de convivencia na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polos representantes do profesorado e das familias, todos eles na mesma proporción na que se encontran representados no Consello Escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro e un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes na Comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos, necesariamente.

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A Comisión de convivencia exercerá as seguintes funcións:

- a) Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de convivencia do centro.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propoñer ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propoñer, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

k) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.

8. - A PREVENCIÓN DOS CONFLITOS

Convivir significa vivir uns con outros sobre a base dunhas determinadas relacións sociais e uns códigos, no marco dun contexto social determinado. Dentro desta relación debemos aceptar o feito de que os conflitos son inseparables da convivencia e, nese sentido, non podemos pretender que a educación transcorra sen conflitos, nin tampouco pensar que estes resultarán necesariamente negativos.

Aprender a convivir é un dos obxectivos do noso PLAN DE CONVIVENCIA. Os conflitos poden ser útiles e valiosos se se xestionan construtivamente posto que ofrecen a todos os implicados a posibilidade de utilizar e desenvolver o seu razoamento teórico e os seus valores morais, á vez que adestran unhas relacións sociais máis satisfactorias para todos.

Para previr os conflitos no noso centro debemos considerar que é preciso ter en conta:

- A educación en valores
- As estratexias para previr o racismo e a xenofobia
- As estratexias para previr a violencia de xénero
- O desenvolvemento das habilidades de comunicación
- O desenvolvemento das habilidades sociais
- O desenvolvemento das habilidades para a resolución de conflitos
- A toma de decisións
- A mellora da autoestima
- O desenvolvemento do autocontrol
- O uso efectivo do reforzo positivo e negativo

OS VALORES QUE DEFENDEMOS

Os valores son características morais que toda persoa posúe. Estes están interiorizados e determinan en gran medida a súa personalidade e orientan a súa conduta. Debemos ter como meta e obxectivo o conseguir que o noso profesorado, alumnado e persoal non docente se guíe polos valores que posibilitan o exercicio activo da cidadanía activa e democrática e UNHA BOA CONVIVENCIA, tales como:

1. A XUSTIZA: No ámbito educativo consiste en tratar a todo o alumnado con criterios de equidade, sen prexuízos e sen exclusións, respectando a diferenza.
2. A LIBERDADE: é un valor que designa a facultade do ser humano que lle permite decidir, levar a cabo ou non unha determinada acción segundo a súa intelixencia ou vontade.
3. A RESPONSABILIDADE: é un valor que se exerce cando cada persoa ofrece unha actitude adecuada para solucionar as tarefas que lle corresponden.
4. A IGUALDADE: é un valor que representa a defensa e respecto dos mesmos dereitos e oportunidades para todas as persoas, sen ningún tipo de discriminación.
5. A SOLIDARIEDADE: é un valor que consiste na axuda e cooperación mutua e desinteresada, que debe existir entre as persoas.
6. O RESPECTO: é o valor que faculta ao ser humano para o recoñecemento, aprecio e valoración das calidades dos demais, persoas, animais ou cousas, sen o uso dos prexuízos.
7. A TOLERANCIA: é unha actitude persoal de respecto ante o que é diferente aos propios valores morais, cultura e/ou xénero.
8. A PAZ: designa un estado interior, exento de violencia, odio e máis xeralmente de sentimentos negativos.
9. O DIÁLOGO: é unha conversación entre dúas ou máis persoas, mediante a cal se intercambia información e se comunican pensamentos, sentimentos

e desexos. No ámbito educativo é moi importante como método para resolver os conflitos. É necesario saber escoitar e defender con argumentos as propias propostas.

10. A PARTICIPACIÓN: é un valor que nos permite exercer os nosos dereitos, expresar as nosas opinións e defendemos os nosos ideais.

11. A AUTOESTIMA: a nivel social representa os sentimentos que unha persoa ten acerca de si mesmo na súa relación coas demais persoas. A nivel académico é a avaliación que o alumno fai de si mesmo en canto á satisfacción do seu rendemento e aceptación por parte das demais persoas.

12. A EMPATÍA: é un valor que consiste en recoñecer as emocións alleas. Consiste en ser capaz de poñerse na pel da outra persoa e sintonizar especialmente coas súas emocións, aínda que non se manifesten claramente.

13. A AUTONOMÍA: representa un conxunto de capacidades prácticas que permiten que o alumnado se prepare para a vida, atope recursos para afrontar as situacións de cada día. A pesar de que consideramos a autonomía como un valor eminentemente individual, ten un gran transcendencia social, na medida que implica comportamentos libres e responsables. Representa tamén a capacidade de ter e manter un criterio propio impermeable a presións externas.

14. A DIVERSIDADE: educar na diversidade significa referirse á conciencia educativa de que todo o alumnado, profesorado, centros, etc, son diferentes. É partir da idea de que cada un é un ser orixinal e único. É entendida como unha serie progresiva de respostas adaptativas, desde as decisións de centro e aula, ata as individuais, para responder adecuadamente a esa rica diversidade humana.

O ESTILO EDUCATIVO QUE QUEREMOS PROMOVER

O estilo educativo desenvolvido polo profesorado fai referencia á filosofía educativa que sigue cada docente e que condiciona a súa forma de actuar diariamente nas aulas.

Entendemos por estilo educativo o conxunto de ideas, crenzas, actitudes e hábitos de comportamento que pais/nais e profesores/as manteñen respecto á educación dos seus fillos/as e alumnos/as e que guían e condicionan a súa tarefa diaria como educadores/as.

O estilo educativo ten unhas consecuencias claras e significativas sobre a comunicación entre o educador/a e o educando e, no contexto da aula, sobre o clima de convivencia que se establece. Por suposto, tamén inflúe sobre a formación da personalidade global da mocidade á que impartimos docencia.

Os autores estudosos do tema reducen a catro os posibles estilos educativos: educación sobreprotectora, educación inhibicionista, educación punitiva e educación asertiva.

Creemos que o estilo educativo máis axeitado é o ESTILO ASERTIVO, os profesores/as que o practican :

- Fixan a súa atención nos progresos e nos elementos máis positivos da conduta do alumnado.
- Eloxian o esforzo e os logros.
- Castigan con firmeza as condutas inaceptables.
- Diferencian claramente entre a persoa, á que sempre aprecian, comprenden e valoran, e a conduta, que pode non ser a adecuada en certos momentos.
- Teñen paciencia activa: confían no progreso do educando.
- Aclaran perfectamente as expectativas, as normas, as demandas, os procedementos...
- Manteñen sentido da equidade e do trato para todos baixo criterios de igualdade.
- Dispensan atención individualizada aos alumnos/as.
- Exercen unha autoridade directiva e non de autoritarismo: dan razóns e explicacións sobre as propostas, tratan de convencer e negociar máis ca de impoñer, respectan o punto de vista dos demais, empatizan co alumnado.

- Coidan da “ecoloxía da clase”: unha clase limpa, agradable, ordenada, ben decorada, personalizada segundo os gustos do alumnado invita á tranquilidade e á calma, e prevé o vandalismo.
- Evitan actitudes que poden provocar, sen pretendelo, disrupción no alumnado: altibaixos emocionais, agresividade, falta de respecto cara os alumnos, uso do sarcasmo...

As consecuencias beneficiosas para a conduta do alumando son:

- O eloxio e o recoñecemento reforza os comportamentos adecuados do alumno/a e incrementa a autoestima.
- O alumno/a desenvólvese con seguridade en si mesmo, con autonomía persoal e con interese por acadar metas maiores.
- O alumnado aprecia e respecta ao seu educador.

Aspectos útiles durante o desenvolvemento das tarefas na aula que favorecen a convivencia pacífica e evitan conflitos:

1. Motivación:

- Valorar as contribucións creativas e incorporalas ao grupo, se é posible.
- Loar, retroalimentar.
- Manter un ritmo, cambiar sen sobresaltos (as transicións son fonte de moita disrupción).
- Non interromper o fluír das clases innecesariamente e deixar para o final as cousas que van xurdindo.
- Axudar aos alumnos/as que o requiran.

2. Contidos e procedementos:

- Aclarar dúbidas, preguntar polas dificultades.
- Non permanecer demasiado tempo nun tema. Ter preparadas tarefas a diferentes niveis (atención á diversidade).

3. Supervisión:

- Non permitir que un grupo ou unha persoa monopolice a atención.
- Aconsellar, anotar, organizar, reprender, escoitar...

- Optimizar a situación espacial: diante, entre os pupitres, ao final, movéndose para ver as tarefas do alumnado.
4. Ao recoller e saír
- Preparar e organizar o final da clase: deixar tempo.
 - Resumir o que se fixo e conectalo cos plans para o futuro.
 - Ter unhas breves palabras con aqueles alumnos/as que non colaboraron.

AS NORMAS DE AULA E O PAPEL DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

As normas de aula deben ser consensuadas entre o titor, o profesorado e o alumnado. É conveniente que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución das nosas metas.

Ao TITOR correspóndelle a labor de coordinación das normas de aula. Deberase ter en conta os seguintes criterios para a elaboración de estas normas:

- Deben ser claras e concretas, para que resulte fácil determinar se se cumpren ou non.
- Enunciadas, preferiblemente, en positivo: mellor expresar un comportamento correcto que unha prohibición.
- Que resulten realistas e fáciles de cumprir.
- Que sexan xustas e comprensibles.
- Non excesivas en número.
- Non poden ir contra as normas establecidas no centro nin contra outras de rango superior.
- Deben elaborarse nas primeiras clases de cada curso académico.
- Cada norma incumprida será informada ao alumno ou alumna infractor, co obxecto de evitar que se repita e, conlevará unha medida correctora, no caso de intencionalidade e/ou reiteración.
- Resulta imprescindible que todo o profesorado as cumpra.

As normas para o profesorado deben referirse aos seguintes aspectos :

- Compromiso de puntualidade.
- Compromiso de respectar a todas as persoas da aula.
- Compromiso para explicar os contidos de maneira clara e razoada.
- Compromiso de diálogo coas persoas da aula.
- Compromiso de ser xusto nas apreciacións e cualificacións.
- Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas cumprir de maneira xusta e imparcial.

Son obrigas do profesorado:

En relación consigo mesmo.

- Asistir ás súas clases con puntualidade e ás reunións para as que fose convocado.
- Vixiar ao alumnado nos recreos, sendo puntual no cumprimento do horario e quendas establecidas.
- Velar puntualmente pola necesaria orde do Centro, coidando de que os alumnos/a permanezan no lugar que lles corresponde segundo o seu horario e non permitindo que permanezan nos corredores durante as horas de clase.

En relación cos alumnos.

- Non realizar distincións entre os seus alumnos/as, nin adoptar comportamentos discriminatorios por razón de raza, sexo ou relixión.
- Preocuparse polas súas condicións que inflúen no proceso educativo do alumnado.
- Individualizar no posible o ensino, acomodándose aos coñecementos e características de cada alumno/a.
- Atenderá á diversidade do seu alumnado, dentro das súas posibilidades, pondo en marcha os mecanismos legais adecuados: reforzos, adaptacións.
- Velar polo cumprimento do normal desenvolvemento das actividades docentes e non docentes

En relación ao Centro.

- Ser responsable do alumnado desde a entrada ata a saída do recinto escolar.
- Informar ao titor/a de as incidencias que ocorran no seu grupo e controlará a asistencia a clase do alumnado no parte de faltas do aula.
- Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do centro.
- Colaborar ca Xefatura de Estudos no mantemento da orde necesaria para o bo funcionamento do Centro.
- Cumprimentar os datos oficiais nos períodos establecidos.

En relación cos pais e nais.

- Manter contactos periódicos cos pais do alumnado, dentro do horario previsto para este fin.

- Solicitar as xustificacións de ausencias ao centro por parte do alumnado.
- Contactar cos pais ou persoa autorizada no caso de que algún alumno ou alumna se poña enfermo ou sufra algún accidente durante o horario lectivo.
- Recibir a visita das familias cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidas para o caso

As normas para o alumnado deben referirse polo menos aos seguintes aspectos:

- Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula.
- Compromiso para traer á clase todos os materiais escolares que se precisen (libros, cadernos, bolígrafos, roupa deportiva... e outros).
- Compromiso para realizar puntualmente as tarefas que encomenda o profesorado.
- Compromiso para a escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- Compromiso para respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin molestalas.
- Compromiso para respectar todo o material da aula, individual e colectivo.
- Compromiso para deixar a aula ordenada e limpa antes de abandonala, contemplando sempre o aforro de enerxía.

Son obrigas do alumnado:

Referentes ao seu comportamento

- Asistir puntualmente ás actividades escolares.
- Circular por corredores e escaleiras de xeito correcto
- Manter a orde e o silencio nas entradas e saídas ás clases, tanto á entrada e saída de: xornada escolar, recreo ou outra actividade que implique mobilidade polo Centro.
- Achegar ás clases os libros e o material escolar que sexan precisos.
- Non utilizar o teléfono móbil durante o horario escolar.
- Responsabilizarse dos encargos que se lle encomenden.
- Entregar os xustificantes das faltas de asistencia formulados polas súas familias.
- Entregar ás súas familias as follas informativas, comunicacións etc... que se lle faciliten desde o centro.

- Utilizar un vocabulario correcto.
- Acudir aos servizos hixiánicos nos casos de verdadeira necesidade.

Referentes aos seus compañeiros

- Non agredir, insultar, nin humillar aos seus compañeiros/as no centro.
- Respectar todas as pertenzas dos demais.
- Non perturbar a marcha das clases
- Colaborar cos seus compañeiros/as en actividades escolares.
- Evitar os xogos violentos.
- Respectar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros.

Referentes aos Profesores-as

- Manter un trato respectuoso co profesorado e persoal ao servizo do centro.
- Colaborar para esclarecer as cuestións que se expoñan na vida do centro
- Realizar as tarefas e actividades que se lles asignen

Referentes ao Centro

- Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- Durante as horas de clase ningún alumno poderá permanecer no corredor e durante o tempo do recreo, os alumnos permanecerán no patio.
- Comportaranse correctamente tanto de forma individual como en situacións colectivas, cooperando ao bo desenvolvemento das mesmas.
- Coidar de que as aulas, corredores e servizos mantéñanse limpos e ordenados.
- Participar de acordo coa súa idade, na organización do Centro.
- Non ausentarse do Centro sen coñecemento do profesorado responsable en cada momento.
- Vir ao Centro correctamente e debidamente aseados

A cada norma debe acompañar un tipo de medida correctora para o caso de incumprimento.

Algúns criterios para elaborar estas medidas:

- Deben ser realistas e factibles.
- Deben gardar proporción coa falta cometida.
- Deben ser eficaces á hora de corrixir o comportamento inadecuado.

- Sempre que sexa posible, deben ir orientadas a corrixir o problema ocasionado polo infractor, polo que deben gardar unha relación lóxica co tipo de falta cometida.
- Non deben ir contra os dereitos fundamentais da persoa.
- Cada norma debe levar unha ou varias medidas correctoras graduadas, en función da magnitude do dano causado e considerando unha posible reincidencia.

Entre outras posibles propóñense as seguintes:

- Advertencia razoada do profesor/a, oral, en público.
- Advertencia razoada do profesor/a, oral, en privado, ao final da clase.
- Advertencia razoada do profesor/a por escrito.
- Un recreo suplementario no centro co profesor/a [cumprimentando tarefas e/ou comprometéndose en cambios de conduta]
- Unha chamada telefónica aos pais [por parte do profesor/a ou titor/a]

Normas para os pais nais de alumnos

- En relación co Centro
 - Coñecer o Proxecto Educativo do Centro e observar as normas contidas no mesmo.
 - Coñecer as Normas de Convivencia do Centro e observar as normas e correccións nelas.
 - Atender ás citacións do centro e acudir ao mesmo cando de lle requira, tanto individual como colectivamente.
 - Absterse de visitar ao alumnado durante o recreo sen causa xustificada. Esperar ao alumnado fora do edificio escolar á saída das clases.
 - Gardar no Centro un comportamento educado.
 - Notificar os cambios de residencia e de teléfonos.
 - Repor ou abonar o importe dos danos ocasionados polo seu fillo/a en o material ou nas instalacións do Centro por un uso inadecuado
- En relación cos profesores.
 - Colaborar co profesorado na educación dos seus fillos/as, atendendo ás súas indicacións e axudando á corrección de actitudes de indisciplina.
 - Chegar a acordos con profesores e titores dos seus fillos sobre aspectos fundamentais da Educación dos mesmos (atención ao estudo, alimentación, soño, descanso, etc.)

- Facilitar ao titor/a información, sobre aspectos relativos á educación dos seus fillos/as.
- Non desautorizar a acción do profesorado en presenza do seu fillo/a.
- Participar voluntariamente co profesorado na programación daquelas actividades para as que se solicite a súa axuda.
- En caso de separación xudicial dos pais, xustificar a quen corresponda a garda e custodia dos fillos/as.
- En relación cos seus fillos-as.
 - Facilitar ao seu fillo/a cantos medios sexan necesarios para levar a cabo as tarefas e actividades que lle indique o profesorado.
 - Facilitar o cumprimento das obrigacións dos seus fillos/as respecto ao colexio: estudo, puntualidade, orde, aseo, etc...
 - Xustificar as ausencias e atrasos do seu fillo/a durante o horario escolar.
 - Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada aos alumnos/as á saída de clase.
 - Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada ao alumnado que teña que ausentarse do centro durante o horario escolar.
 - Estimular ao seu fillo/a en o respecto ás normas de convivencia do centro como elemento que contribúe á súa formación.

O PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO E PROFESORADO NOVO

Durante este curso 2014-2015, estase traballando na elaboración dun Plan de acollida para todo o alumnado e profesorado novo, que entre por primeira vez no noso centro. Este Plan ten como obxectivo brindarlles a mellor información posible para que se integren de forma satisfactoria no Centro: organización e funcionamento (horarios, actividades e protocolo de faltas de asistencia, materiais necesarios para o alumnado, tipo de bolsas e axudas para material escolar, libros de texto); principais normas de convivencia ...

O PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO ESTRANXEIRO

Estase traballando, tamén durante este curso 2014-2015, na elaboración dun plan de acollida específico para alumnado estranxeiro, que nos facilite unha maior e máis rápida integración destes alumnos e alumnas no sistema educativo español e, en concreto, na actividade diaria do centro.

O PLAN DE MEDIACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS

Partimos de que a mediación escolar é un método de resolución de conflitos, mediante a intervención dunha terceira persoa, con formación específica e imparcial, co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio. Nestes momentos, estase traballando para poñer en marcha un sistema de mediación, no que o alumnado teña un papel máis activo, para iso tense que formar a un equipo apropiado para poder levar a cabo a tarefa de maneira correcta, contando sempre co apoio do profesorado.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos da mediación escolar, segundo autores como Xesús Jares, son os seguintes:

1. Favorecer e estimular a comunicación, diálogo e consenso entre as partes en conflito.
2. Promover que ambas partes comprendan o conflito de xeito global e non só dende a súa perspectiva individual.
3. Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito, separando os intereses dos sentimentos.
4. Favorecer a conversión das diferenzas en formas creativas de resolución do conflito.
5. Restablecer, sempre que sexa posible, as feridas emocionais que poidan existir entre as partes enfrontadas.

A mediación parece estar especialmente indicada para conflitos coma:

- Rumores, insultos, alcumes molestos, queixas, malentendidos...
- Disputas e pelexas.
- Amizades deterioradas.
- Ameazas, presións ou encordios.
- Situacións vivenciadas como desagradables ou inxustas.

- Problemas de relación entre membros adultos: profesores, familias, persoal non docente.

As características e capacidades da persoa mediadora, segundo autores como José Antonio Sanmartín son as seguintes:

- Capacidade de ser neutral : non tratar de favorecer a ningunha das partes.
- Capacidade de ser flexible nas súas ideas, non aferrándose absolutamente a ningún presuposto.
- Capacidade de ser responsable: saber responder con seriedade e profesionalidade ás demandas do papel.
- Capacidade de ser paciente, sendo quen de superar con facilidade o nerviosismo, a ansiedade ou a impaciencia, debendo aportar paciencia, serenidade, saber escoitar con interese, boas formas no trato ás persoas en conflito...
- Capacidade de empatía, tratando de ver as cousas como cada unha das partes as ve, sendo quen de poñerse no seu lugar.
- Capacidade para gardar todo o tratado en secreto, confidencialidade.
- Capacidade de escoitar activamente, sabendo sintetizar datos, reformulando a información recibida, reflectindo os sentimentos, mostrando que entende o que lle pasa ao que fala, adoptando unha postura física de atención.
- Capacidade de absterse de xulgar, arbitrar e aconsellar.
- Capacidade para saber encaixar os golpes ou ataques que poida recibir: gardar a distancia e ter capacidade de encaixe, non inmutarse nin sentirse agredido.
- Capacidade de ser respectuoso, admitindo o modo de ser, pensar, sentir e actuar dos outros, evitando impoñer os criterios propios e respectando a súa autonomía.
- Capacidade de ser obxectivo, tratando de ver o problema dende o máximo de perspectivas posibles.
- Capacidade de ser honrado e honesto.

- Capacidade de crear e manter a confianza das partes en conflito, logrando que se sintan comprendidas e a gusto.

OS PROGRAMAS PREVENTIVOS CO ALUMNADO DO CENTRO

Deberanse coordinar cos titores dos diferentes grupos de alumnos/as do noso centro, para traballalos de maneira transversal.

Programa de loita pola equidade

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a fomentar o respecto da igualdade de sexos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos. Hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade de rexeitar ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro. As medidas a promover serían:

1. Uso dunha linguaxe non sexista, na que se contemple e visualice o xénero feminino.
2. Sensibilizar e concienciar aos alumnos e alumnas coa realización de actividades de formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación.
3. Repartir de maneira equilibrada as tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos os sexos.
4. Ter unha igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
5. Seleccionar os textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.)
6. Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes relacionais entre o

alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.

7. Canalizar o rol de protagonismo que ostentan os homes cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.

Programa de Educación para a Saúde

No noso Centro educativo débense promover programas de Educación para a Saúde que teñan como obxectivos, relacionados con este plan de convivencia, os seguintes:

- Desenvolver unha educación en hixiene e nutrición centrada no desenvolvemento dos coñecementos, actitudes e destrezas que permitirán tomar decisións positivas no ámbito da saúde.
- Adoptar hábitos promotores da saúde, en tanto que contribúen a reducir os comportamentos de alto risco asociados con enfermidades transmitidas sexualmente, embarazos non programados, abuso de alcol e drogas, violencia, danos á integridade física, entre outros.
- Promover dietas saudables acompañadas dun axeitado exercicio físico.

Programa de cultura de paz e interculturalidade

No noso Centro educativo débense promover programas de Cultura de Paz e Interculturalidade, que teñan como obxectivos, relacionados con este Plan de convivencia, os seguintes:

- Reflexionar sobre o fenómeno da globalización, identificando as repercusións da mesma sobre o desenvolvemento sostible e a distribución da riqueza a escala mundial.
- Elaborar propostas alternativas que corrixa os efectos contrarios ao desexable desenvolvemento global e igualitario de todos os pobos e colectivos.
- Propiciar o encontro de culturas, os seus coñecementos e experiencias en ámbitos locais e globais de Educación para a Paz, os Dereitos Humanos e a Transformación Positiva dos Conflitos.

- Fomentar unha Cultura de Paz a través dunha educación e ética públicas que incidan no respecto dos Dereitos Humanos e na xustiza.
- Participar en proxectos de cooperación internacional que apoiem a articulación entre as propostas de Desenvolvemento, Dereitos Humanos e Paz.

Plan lector

No noso Centro educativo débese promover un Plan Lector, que teña como obxectivos, relacionados con este Plan de convivencia, os seguintes:

- Espertar a curiosidade na mocidade para acceder a libros do seu interese de xeito progresivamente autónomo.
- Facilitar o espazo físico e afectivo para o desenvolvemento da creatividade e imaxinación do alumnado.
- Lograr que o alumno e a alumna tomen espontaneamente a palabra para expresarse.
- Facilitar a relación entre o lido e as experiencias cotiás do alumnado.
- Colaborar no fortalecemento do hábito de escoitar comprensiva e atentamente o que outros expresan, contan ou len, comprendendo e recordando o máis significativo, e reaccionando a través de comentarios, preguntas e respostas.
- Potenciar o interese por ler para descubrir e comprender o sentido de diferentes textos escritos.
- Propiciar o respecto polas normas de convivencia en conversacións, discusións e traballos grupais, aceptando as opinións alleas e o pensamento diverxente, e as quendas para falar.

Programa de adestramento en habilidades sociais básicas

Segundo autores como Monjas, as habilidades sociais son “as condutas necesarias para interactuar e relacionarse cos iguais e cos adultos de forma efectiva e mutuamente satisfactoria”

Segundo Caballo "a conduta socialmente habilidosa é ese conxunto de condutas emitidas por un individuo nun contexto interpersonal que expresa os sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dese individuo dun modo adecuado á situación, respectando esas condutas nos demais, e que xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a probabilidade de futuros problemas."

No noso Centro educativo débense promover programas de Adestramento en Habilidades Sociais Básicas, que teñan como obxectivos, relacionados con este Plan de Convivencia, os seguintes:

- Mostrar condutas verbais e non verbais de "escoita activa".
- Identificar emocións e sentimentos das outras persoas.
- Comunicar os propios desexos, opinións, intencións, emocións, sentimentos.
- Saudar de forma adecuada a distintas persoas do seu contorno social.
- Saber despedirse correctamente.
- Saber presentar aos compañeiros e compañeiras nas situacións adecuadas.
- Aceptar a propia responsabilidade, ante un fallo cometido, e pedir desculpas adecuadamente nos casos en que sexa preciso facelo.
- Responder de modo apropiado ás críticas que proveñan doutras persoas.
- Expresar críticas de xeito adecuado, nos momentos oportunos, á conduta doutras persoas.
- Chegar puntual ás clases e/ou ás citas e reunións que previamente fixou con outras persoas.
- Saber felicitar, agradecer, dar o parabén/dar o pésame,... de maneira correcta e nas situacións apropiadas.
- Ter unha axeitada educación viaria.
- Saber compartir e prestar os obxectos persoais.
- Saber comportarse democraticamente en grupo.
- Respectar as propiedades dos demais.
- Mostrar condutas de cortesía e boa educación en distintas situacións.

O TRABALLO COS PAIS E NAIS

Somos conscientes de que todo o proceso formativo se sustenta nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a que resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo pola súa colaboración para resolver os conflitos cos seus fillos. Consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias.

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercer a autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos.
- Cooperar co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaborar co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos.
- Fomentar nos seus fillos a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais e cara o contorno.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a pórse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- Impedir que os fillos accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos.
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.

9. AS MEDIDAS DE TRATAMENTO DOS CONFLITOS

Despois de insistir nas medidas de prevención que se desenvolven na aula e no Centro tamén queremos tratar de dar resposta a conflitos de convivencia que

sobrepan o ámbito da prevención e entran no ámbito do tratamento (medidas correctoras)

A. DESDE A AULA

O profesorado, titor/a e alumnado pactan as normas de clase. Do incumprimento das normas séguese un lista de medidas correctoras acordadas que cada profesor deberá executar co seu alumnado.

Ante o estoupido dun conflito, sexa da natureza que sexa, non existe un procedemento único e invariable para ser aplicado con garantías de éxito absoluto. Sen embargo podemos ter en conta o que segue:

- Empregar estratexias de desescalada dos conflitos: calmarse, manterse sereno, evitar o enfrontamento, sobre todo diante do grupo clase, non perder os papeis nin mostrar un enfado incontrolado.

- Debemos impoñer unha autoridade asertiva, mediante estratexias coma:
 - Apoiarse nas normas, nos dereitos dos demais, na tarefa...
 - Emprazar ao alumno para falar con el fóra da aula.
 - Deixarlle un respiro, un tempo para que se calme, centrando a atención noutra acción.
 - Permitirlle que saia un tempo fóra da aula e que se incorpore cando estea máis calmado.
 - Ofrecerlle alternativas claras para que elixa como quere resolver o problema.
 - En todo caso, terase moito coidado de non favorecer situacións de "ti gañas, eu perdo", xa que, do contrario, a súa saída de ton quedaría reforzada e tendería a perpetuarse no futuro.
 - Ignorar, na medida do posible, os comportamentos disruptivos de pouca intensidade (efecto extinción), para non romper constantemente o ritmo da clase.

- Existen moitas condutas que non poden ser ignoradas: agresións graves, insultos ofensivos e reiterados, continuos retos ás directrices do profesor, linguaxe sexista e/ou racista...
- A outra cara desta medida consiste en prestarlle atención ao alumno disruptivo só cando se está portando ben.
- Facer uso, sistematicamente, dunha serie de rutinas concretas, á hora de reprender o comportamento disruptivo do alumnado:
 - Facer sempre referencia aos comportamentos, ás normas que se vulneran ou ao estado da situación, e nunca á persoa ou á personalidade do alumno/a. En lugar de "Xa estás facendo o vago e molestando", é mellor dicir, por exemplo: "Agora estamos en clases, tócanos facer o exercicio".
 - Dirixir os comentarios correctores a algún alumno/a concreto, e non a todos á vez.
 - Emitir mensaxes curtas, claras, directas, con firmeza e tranquilidade.
 - Facer referencia á conduta actual que se quere corrixir e non recordar episodios anteriores ("Xa estás coma o outro día"), nin realizar comparacións con outros compañeiros/as.
 - Se se optase polas medidas correctoras, presentalo coma unha consecuencia natural da conduta disruptiva ("A perda de tempo falando leva asociada a recuperación do mesmo no recreo").
 - Empregar un ton de voz medio, unha postura relaxada, sen xestos ameazantes coma sinalar co dedo.
- Empregar medidas de presión indirecta sobre os implicados/as:
 - Centrarse no líder do grupo para que exerza o seu poder sobre os demais.
 - Empregar a presión do grupo ("Empezamos cando XXXXX estea en silencio").
 - Evitar, na medida do posible, o castigo colectivo dunha clase ou dun grupo.

B. DESDE O GRUPO DE MEDIACIÓN

Como expuxemos no apartado 8 a mediación é unha negociación entre as partes en conflito guiadas por unha persoa neutral (mediador).

Pode contemplarse a posibilidade dunha medida correctora contemplada nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro.

C. DESDE A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON ALTERACIÓNS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA (SECUENCIA DE MEDIDAS CORRECTORAS).

1º Chanzo: O profesorado na súa aula:

- Fixa límites [Normas de aula].
- Fai advertencias, se non se respectan os límites.
- Establece compromisos co alumnado que non fai caso ás advertencias.
- Deriva o problema ao seguinte eslavón.

2º Chanzo: O titor ou a titora do grupo de alumnos/as:

- Programa e desenvolve un seguimento sinxelo do rendemento e do comportamento do alumno/a con problemas: a través de táboas actitudinais, diario do equipo docente....
- Entrevístase co alumno/a, se observa efectivamente problemas de conduta ou rendemento inferior ao esperado, desenvolvendo:
 - Novas advertencias.
 - Novos compromisos.
 - Entrevistas co pai/nai do alumno/a.
 - Entrevistas co xefe de estudos.
 - Entrevistas cos profesores implicados.
- Deriva o problema ao seguinte nivel de responsabilidades.

3º Chanzo: O orientador ou orientadora.

4º Chanzo: Equipo directivo:

- Novas advertencias.
 - Novos compromisos.

- Medidas correctoras. Os responsables de chanzos anteriores non deben aplicar esas medidas.
- Derivación do caso á Comisión de Convivencia.

5º Chanzo: Comisión de Convivencia

- Consensúa medidas correctoras

Hai problemas complexos que teñen a súa raíz en causas non escolares e que non poden ser afrontados en solitario polo centro educativo. Para estes casos requírese ter previsto un plan de derivacións cara as diferentes institucións que poidan axudar na resolución desta problemática:

- Equipos de Orientación Específicos da Consellería.
- Servizos Sociais do Concello.
- Servizo de Infancia e familia do Concello.
- Policía Autonómica .
- Centro de saúde.
- Menores ...

D.- DESDE A ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE POSIBLE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

O maltrato ou “bullying”, segundo o autor Cerezo Ramírez pode definirse coma a “violencia mantida, mental ou física, guiada por un individuo ou por un grupo e dirixida contra outro individuo que non é capaz de defenderse a si mesmo nesa situación e que se desenvolve no ámbito escolar”.

Este maltrato pode tomar diferentes formas: agresión física, verbal, indirecta, social, etc.

Os efectos son negativos para todos, para o agresor/a, para os observadores, pero especialmente para a vítima. Para esta son efectos duradeiros que provocan altísimos niveis de ansiedade. Son vividos coma unha experiencia traumática e horrible, con alta tensión nerviosa que algúns manifestan en síntomas coma dor de estómago e de cabeza, pesadelos, memoria repetida do

episodio e ataques de ansiedade e pánico. Aparecen trastornos no comportamento social coma rabechas, negativismo, timidez, fobias e medos cara a escola, que moi a miúdo se traducen en desexos de absentismo escolar e fugas.

Debemos apoiar o fomento da mediación escolar como proceso educativo na xestión de conflitos, e como paso previo ao réxime disciplinario e as medidas correctoras. De non chegarse a unha solución consensuada, a Comisión de Convivencia deberá adoptar as medidas correctoras que a Lei lle outorga ante os casos de acoso.

No caso de que calquera membro da comunidade educativa (familia, alumnado, profesorado ou outro persoal do centro), detectase a sospeita ou teña constancia dalgún caso de intimidación, acoso, agresión ou faltas moi graves entre alumnos/as, debe activar este protocolo de actuación, poñéndoo en coñecemento do titor/a do alumno/a, do equipo directivo e da orientadora ou orientador do centro. Sendo conveniente crear canles que faciliten a comunicación do mesmo.

Para estes casos, aplicárase o protocolo elaborado pola Xunta de Galicia, recollido como anexo I neste documento.

E.- DESDE A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

É unha comisión delegada do Consello Escolar. Está composta polas seguintes persoas:

- O Director ou directora
- Representantes do profesorado
- Representantes dos pais e nais
- O titor ou titora (cando estea relacionado co tema que se analice)

Ten as seguintes normas de funcionamento:

- Réúnese durante os recreos ou noutro momento do día
- Debe ter en conta os informes e opinión da Orientación do Centro
- Debe facer propostas de medidas correctoras de carácter educativo

- Debe ter autonomía para poder optar por decisións inmediatas

Ten as seguintes vantaxes:

- Posibilita que as decisións sexan colectivas, democráticas e colexiadas
- Aporta moita eficacia ás propostas positivas de convivencia no centro
- Propón mecanismos rápidos de mediación nos conflitos
- Facilita o seguimento das medidas correctoras dunha convivencia negativa

Atende os seguintes casos:

- Absentismo escolar
- Agresión grave, física, moral, psicolóxica (bullying), ou discriminación grave contra os membros da comunidade escolar
- Situacións reiteradas de disrupción na aula
- Falta de respecto aos membros da comunidade educativa
- Casos graves de utilización incorrecta e descoido dos bens e instalacións do centro
- Actos inxustificados que perturben gravemente o desenvolvemento da actividade do centro
- Mal comportamento no transporte escolar

10.- IMPLICACIÓN E FUNCIÓNS DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Neste Plan de Convivencia é preciso que se involucren TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A.- A DIRECCIÓN DO CENTRO debe:

- Incorporar a mellora da convivencia no proxecto educativo do centro
- Pór ao servizo do plan os recursos do centro
- Crear condicións para favorecer a participación de toda a comunidade educativa
- Coordinar as actuacións xunto co equipo que compón a Comisión de Convivencia

- Incorporar o plan aos documentos institucionais
- Introducir os cambios necesarios para o desenvolvemento do plan nas estruturas organizativas e a xestión do centro
- Favorecer un desenvolvemento coherente do plan a través da coordinación pedagóxica

B.- O PROFESORADO debe:

- Informarse
- Formarse
- Colaborar nas actividades do proceso de elaboración do plan de convivencia
- Realizar na súa práctica docente os cambios necesarios para actuar en coherencia cos principios educativos do plan e orientar aos seus alumnos e alumnas en consecuencia
- Implicarse nas diferentes actuacións xerais de desenvolvemento do plan
- Reflexionar sobre o proceso seguido para mellorar o plan de convivencia

C.- O ALUMNADO debe:

- Informarse
- Formarse
- Asumir as súas responsabilidades
- Respectar as normas do centro
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do plan de convivencia
- Aprender a ser coherente cos valores do centro

D.-AS FAMILIAS deben:

- Informarse
- Formarse
- Colaborar nas actividades do plan de convivencia ás que se lles invite a participar
- Educar aos seus fillos/as en coherencia cos principios educativos do plan de convivencia
- Realizar o seguimento das actitudes dos seus fillos/as

- Colaborar co profesorado
- Cooperar nas actividades do centro

11. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO. DEREITOS E DEBERES DOS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

11.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE CONVIVENCIA

A. ORGANIZACIÓN

1. ENTRADAS E SAÍDAS

As filas deberán ordenarse de esquerda a dereita, de menor a maior (miramos da porta para fóra). Debemos subir nesta orde. Se por algún motivo algún grupo se retrasase, non debemos parar a acción de subir ós diferentes grupos.

A orde de entrada é a seguinte:

- Porta de entrada próxima a Administración: entrarán os grupos de 5º, 4º e 3º.
- Porta de entrada máis próxima ó Pavillón: entrarán os grupos de 6º, 2º e 1º.

O timbre toca ás 8'59 horas. Toca a esta hora para que os nenos se sitúen nas filas e poidamos iniciar a subida ás clases ás 9'00 horas. Os nenos e nenas subirán e baixarán as escaleiras sempre pola súa dereita. Á saída farase en silencio e baixando as escaleiras paseniño. Os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º baixarán dende a súa aula e dirixiranse a saída do edificio principal, ao comedor ou a zona de recollida de alumnos transportados, segundo sexa o caso. Os alumnos de 1º e 2º de primaria de comedor serán acercados ata o comedor pola monitora do comedor encargada do seu acompañamento, ou pola mestra de educación física (o grupo que estea no pavillón a última hora), o resto, baixará co profesor ou profesora que estivera co grupo á última hora e entregará os transportados a coidadora do autobús e, co resto, vixiará que estes alumnos e alumnas sexan recollidos por algún familiar ou persoa

responsable dos mesmos. De non ser así, procederase a chamar á súa familia para tentar por solución ao problema o antes posible.

2. OS CAMBIOS DE CLASE

A continuación relaciónanse unha serie de medidas a ter en conta por todos e todas para facer uns cambios de clases axeitados.

- Hai que ter moi en conta que as sesións teñen unha duración de 50'. Debemos tentar non reducir este horario.
- É moi importante ter os reloxos persoais e os das clases en hora co timbre da escola.
- Un minuto antes do cambio de clase deberemos ter ó grupo preparado para o cambio, non debemos esperar que o profesor seguinte apareza pola porta.
- É moi importante que os profesores que veñan das gardas ou outras actividades sen alumnos extremen a súa puntualidade.
- No caso de que haxa algún retraso no cambio, temos que ser áxiles e non esperar que veña o outro profesor/a. Botaremos man dun profesor que entre de garda, ou outra situación sen atención de alumnado para que atenda uns instantes ó grupo e se poida facer o cambio. Tamén podemos botar man do profesor ou profesora do aula máis próximo.

3. O RECREO

1. Horario: 11:30-12:00 h.

Saída ó recreo: Soa o timbre e os nenos e nenas comezan a saír. Os mestres e mestras da quenda de recreo deben estar no patio ás 11:30h.

Entrada ás clases: Dispomos de 5 minutos para que o alumnado estean as aulas preparados para a seguinte actividade (plan lector). Os mestres/as de recreo teñen o encargo de acercar a todos os alumnos e alumnas ó lugar reservado para facer as filas e os mestres e mestras da

seguinte actividade deben dirixirse a este lugar cando o timbre soe (puntualidade).


A biblioteca O responsable/a ten que ter todo recollido e preparado para poder fechar a porta ás 11:55h. Recordar que na biblioteca non se pode comer a merenda.

2. Zonas de recreo:

Das cinco persoas da quenda de recreo, unha vai a biblioteca e os outros catro van á zona que, entre eles, se asignen (se non houberse acordo decidirá o X. de Estudos). As zonas coa súa numeración son as recollidas no plano. Tamén quedan recollidas no plano as zonas prohibidas do recinto para o recreo.

3. Quendas de recreo:

As quendas do recreo estarán recollidas nun documento que estará exposto no taboleiro da sala de profesores. Cada grupo terá asignado un día da semana e deixamos os martes para a rotación dos diferentes grupos.



4. Normas:

a. Para desenvolver ben esta actividade é moi importante a nosa ubicación no patio. Debemos evitar, ó máximo, xuntarnos en parellas, tríos,..., ou estar facendo todo aquilo que impida facer ben o noso labor de observación e prevención.

b. A prevención de accidentes, pelexas, e disputas,..., é un dos nosos obxectivos. Observar e actuar con rapidez.

c. Os nenos e nenas non deben entrar nos edificios, nin subir as aulas como norma xenérica. As excepcións deben estar controladas polos responsables do recreo ou polos profesores que indiquen esta excepción.

d. Cando se produzan feridas, lesións, molladuras,..., debe actuar, en primeiro lugar, o responsable do recreo. Logo, se é necesario a atención ou o cambio de roupa, pasaremos ó neno/a ó interior do edificio correspondente onde tentamos deixalo ó cargo doutras persoas (equipo directivo, titor/a, mestres,...).

e. Para ir ó baño no aulario hai que pedir permiso ó responsable desa zona. No edificio principal non é necesario, pero os que ocupan o posto 2 e 3 teñen que vixiar o bo uso dos baños.

f. Cando o patio ou parte do mesmo non teña as condicións axeitadas para xogar con pelota, os titores/as deberán impedir que baixen ó recreo con pelota. Os responsables de recreo velarán para que non se xogue nesas zonas.

g. Toda a zona limítrofe co muro do patio é unha zona que non está prohibida pero que será de especial vixilancia, por ser algo perigosa e para impedir que a xente de fóra entre en contacto co alumnado.

h. A cancha de fútbol rotará entre os grupos de 5º e 6º; os luns e os xoves poderán usala os de 5º curso e os mércores e venres será de uso para o alumnado de 6º.

i. Os martes serán os días sen balón durante este curso.

4. Que facemos cando chove?

Imos distribuír ó alumnado do seguinte xeito:

- Porche da esquerda para 1º A e B e vixiara o nº 1.
- Porche da dereita para 2º A e B e vixiará o nº 2.
- Pavillón para 3º, 4º, 5º e 6º e vixiarán o nº 3 e 4.

As normas especiais para esta situación son as de non deixar xogar coa pelota e debemos tentar que non saian destes recintos cubertos. Os responsables tentarán deixar o recinto tal como o encontraron no que atinxe á súa limpeza. Deberán vixiar especialmente o bo uso dos vestiarios. Por último deben estar moi atentos ó reloxo para poder cumprir co horario de entrada.

As normas fundamentais para un uso responsable do pavillón durante o recreo serán as seguintes:

- As gradas son para sentarse, non se debe correr por elas.
- Non se poden tirar os refugallos ao chan, utilizarase as papeleiras.
- Non se pode subir ás porterías, canastras e colchonetas.
- Está prohibido utilizar a zona que se atopa detrás das canastras.
- Estará prohibido utilizar a zona do vestiario e duchas.

5. Que pasa cos alumnos/as que o profesor deixasen o recreo?

- É responsabilidade do mestre/a a atención que conleva esta situación.
- Os lugares para levar a cabo esta situación son: a aula e o patio. En ningún caso será a entrada do edificio principal.
- Temos que pór toda a intelixencia e imaxinación para tentar que esta situación ocorra o menos posible.

4. AS GARDAS

1. Información das gardas: No taboleiro da sala de profesores estará exposto o cadro semanal de substitucións para todo o curso escolar. Cada semana haberá una folla que nos indicará as substitucións que hai que facer, nesa semana.

2. Criterios de substitucións:

- a. As persoas que estean de garda.
- b. Coordinadores de Ciclo, ACE, EDNL, Biblioteca, comedor e outras responsabilidades (tendo en conta no caso de haber varios dispoñibles quen ten máis horas dispoñibles no curso).
- c. Equipo directivo.
- d. Apoios.

- e. No caso de ter que facer gardas cando hai saídas, os primeiros da quenda serán os mestres/as que tivesen horario de clases nese intre.

3. Normas para facer as gardas:

- Ubícanse na sala de profesores.
- Cando só teñamos unha persoa de garda, esta non debe abandonar a sala.
- Se houberse dúas persoas, unha pode abandonar este lugar, previo acordo co compañeiro/a.
- Cando algún neno ou nena chegue tarde ó centro ou ben o deixen no centro antes das 14 horas, será un profesor de garda quen o ten que levar á clase ou ben ir a recollelo (neste caso os pais ou titores deberán de firmar nun libro que hai en secretaría).
- En caso de indisposición ou accidente dun alumno farase cargo del ou dela, adoptando as medidas que estime máis oportunas (curación e chamada a casa para que o/a veñan buscar, traslado ó centro de urxencias). En caso de que a afección que manifeste o/a alumno/a sexa de tal grao que se entenda a necesidade do seu traslado ó centro de urxencias, se informará desta situación ó equipo directivo e á familia. No traslado o/a alumno/a irá acompañado do profesor correspondente ou en caso que se estime, do cargo directivo correspondente.

4. Estadillo de frecuencia de substitucións:

Cada profesor, en base ó seu número de gardas, terá unha frecuencia de substitucións diferenciada dos compañeiros/as. A Xefatura de Estudos tentará, dentro das posibilidades que permita o horario, que cada mestre ou mestra teña un número de substitucións acorde ó seu número de gardas.

Este cadro, que se actualiza semanalmente, estará á disposición do Claustro. Cando remate o trimestre será exposto no taboleiro de anuncios e/ou comunicado ó conxunto do profesorado.

4.1 Gardas de tarde

- O horario das gardas é de 16 horas ata 18:30 horas. A persoa que deba facer a garda debe levar a chave do centro ó rematar a xornada lectiva (14:10) para poder abrir pola tarde. Ó remate da garda (18:30 h) o profesorado debe deixar o centro debidamente pechado e devolver a chave.
- Faranse, obrigatoriamente, no espazo destinado á Administración. Os xoves, o profesorado que ten garda de biblioteca fará a garda nese espazo.
- Poderase usar o ordenador de administración e, se é o caso, a fotocopidora.
- No libro de gardas de tarde debes/debese asinar e facer constar todas aquelas incidencias que xurdisen (chamadas con recados importantes, entrega de paquetes, incidencias nas actividades,...).

4.2 Gardas de transporte

Ó profesorado de primaria correspóndelle a garda de entrada dos alumnos de primaria. O horario da garda será dende a chegada dos mesmos (8:45 aproximadamente) ata o inicio da actividade lectiva (9:00). Consistirá en recoller aos rapaces e rapazas que chegan no autobús e esperar no patio con eles a que soe o timbre de subida.

Elaborarase un cadro de garda para todo o curso e estará exposto no taboleiro da sala de profesores. Este organizarase de maneira que todo o profesorado teña o número máis semellante de gardas anuais posible. O número total de tempo realizado ó remate da garda compensarase en horas de

redución de tempo de permanencia no centro fóra das establecidas para atención a familias e para xuntanzas de profesorado (baixo petición dos interesados). No caso de haber algún voluntario e, estar de acordo todo o claustro, a garda de transporte poderá realizala unha única persoa e, o seu tempo será compensado en redución de gardas de clase.

B. NORMAS DE CONVIVENCIA

Son ademais das establecidas no artigo na Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa as seguintes:

1. No relativo ó estudo

- Asistir a clase con puntualidade.
- Dispoñer en todo momento do material escolar adecuado, a punto e ordenado.
- Realizar as tarefas encomendadas polo profesorado.
- Adoptar na clase unha actitude de atención.
- Non dispoñer na aula de obxectos que perturben o normal funcionamento das actividades lectivas, tales como alarmas, punteiros láser, teléfonos, etc.

2. No relativo á limpeza

- Coidar o seu aseo persoal.
- Coidar e manter limpo e en bo estado o pupitre que se lle encomenda.
- Non pintar ou ensuciar paredes e lugares para a exposición da información.
- Manter limpo o recinto escolar, non tirar papeis, pipas ou calquera desperdicio; deposítalo nas papeleiras ou lugares apropiados.

3. Respecto

- Respetar o dereito ó estudo dos demais compañeiros, non molestando con ruídos, xestos... ou calquera actuación que distraia a súa capacidade de atención.
- Respetar o dereito á dignidade persoal dos compañeiros sen discriminar, ameazar, insultar, menospreciar, etc.
- Respetar ós profesores así como a todo membro da comunidade escolar.
- Respetar as pertenzas dos demais.
- Utilizar correctamente o mobiliario e instalacións.

4. Servizos

- Consumir racionalmente papel, xabón...
- Con carácter xeral non se acudirá ós baños durante as sesións lectivas agás no 1º ciclo onde haberá unha maior flexibilidade. As excepcións no 2º e 3º ciclo serán xustificadas co correspondente certificado médico.
- Durante os cambios de clase, farase tralo permiso do profesor.
- Durante o recreo utilizaranse unicamente os servizos da planta baixa.
- Ó acabar o recreo subirase directamente ás clases, evitando acceder ós servizos das plantas.

5. Hábitos

- Non se pode introducir no recinto escolar ningún material que sexa negativo para o proceso formativo do alumnado.
- Non se permite consumir no centro ningún tipo de bebida alcohólica ou outras substancias nocivas para a saúde do alumnado.
- Non se poden introducir obxectos que poidan supoñer algún tipo de perigo para a integridade física dos membros da comunidade educativa, tales como navallas, punteiros láser, etc.
- Prohíbese calquera tipo de intercambio de obxectos entre o alumnado dentro do recinto escolar. Esta prohibición inclúe a compra-venta de calquera tipo de obxectos.

- Prohíbese a introdución no recinto escolar de teléfonos móbiles, MP3, xogos electrónicos, ou calquera outro aparello semellante, así como o seu uso en calquera das súas posibilidades. No caso de infrinxir esta norma o aparello en cuestión será entregado en Dirección e soamente será devolto ó pai/nai/titor legal do alumno/a propietario do mesmo.
- Está prohibido saír do recinto escolar en horario lectivo sen autorización expresa.

6. Recreo

- No caso de precisarse a asistencia dalgún profesor, acudir ós que estean de vixilancia no patio.
- Ó acabarse o recreo, subir ás aulas inmediatamente.
- Respetar a distribución das zonas do patio.
 - a) - Zona anexa ó aulario, para desfrute do 1º ciclo.
 - b) - Campo frontal. Para pasear, xogos...
 - c) - Pistas deportivas (2) para a práctica do deporte.
 - d) - Zona de xardín. Non se debe pisar o céspede.
 - e) - Está prohibido acceder ó pavimento de acceso e aparcamento dos coches.

7. Cambios de clase

- Os alumnos deben esperar na aula a incorporación do novo profesor sen facer ruído nin molestar.
- Non se pode saír ó corredor nin acceder a outras aulas.

8. Escaleiras e corredores

- Para baixar e subir, cada clase utilizará o tramo de escaleira que accede á ala onde está ubicada.
- Os movementos en escaleiras (pola dereita) e corredores faranse despacio, sen présas nin empuxóns nin berros, utilizando un tono de voz moderado.
- Non haberá alumnos polos corredores en horas de clase nin durante o recreo agás que saian da biblioteca para o patio. Unha vez que os alumnos

estean desfrutando do recreo no patio ou pavillón non poderán entrar no centro agás autorización de calquera docente que estea de garda de recreo.

9. Normas en relación aos pais/nais ou titores legais dos alumnos

- Non deben acompañar aos seus fillos nas entradas e saídas dentro do edificio, nin subir aos andares e, moito menos, acompañalos e acceder ás aulas.
- Deben respectar o horario de apertura e peche do centro educativo (8'40h. e ás 14'05h.).

Se un alumno ou alumna deixou algún libro ou material escolar na aula, non poderá recollelo pola tarde.

C. NORMAS INTERNAS DE SEGURIDADE

Co obxecto de facer fronte ás incidencias de carácter xeral ou de urxencia que afecten á seguridade do alumnado, profesorado e restantes colectivos relacionados co centro deséñase este plan.

1. Caixas de urxencias: na planta baixa dos dous edificios e pavillón sitúanse unhas caixas de urxencia co material sanitario básico.
2. Extintores: Hai dezaseis extintores contra incendios coas características debidas e as etiquetas correspondentes ás revisións anuais regulamentarias. Están distribuídos conforme ao Plan de Autoprotección aprobado polo centro.
3. Sistemas de alarma: as aulas e dependencias que gardan material valioso (no edificio central: dirección, secretaría, aula de tecnoloxía, debuxo, laboratorio, corredores da esquerda nos que está a aula de informática, aulas abalar, música, recursos e biblioteca) están protexidas cun sistema de alarma, que se activará cando o centro estea pechado.

4. Chaves: cada profesor ten unha chave mestra coa que ten acceso a tódalas aulas, agás as enumeradas anteriormente que, para maior seguridade, dispoñen de chave propia.
5. Sinalización de emerxencia: tanto no edificio central como no aulario hai un sistema de luces de emerxencia situadas segundo a normativa legal, en corredores, escaleiras e portas de aulas. As saídas de emerxencia de cada aula deben estar perfectamente franqueables durante as clases, libres de mesas ou mobles que impidan a rápida evacuación en caso de perigo.
6. Megafonía: hai un equipo de megafonía centralizado na secretaría, que comunica cos corredores dos dous edificios, salón de actos e patio. No caso dunha situación de emerxencia, calquera profesor situado preto deste equipo poñerá en funcionamento e procederá a dar a alarma.
7. Simulacro de evacuación: unha vez ó ano realizarase un simulacro de evacuación e ou prestación de primeiros auxilios, en colaboración cos organismos de protección civil, policía municipal, bombeiros, cruz vermella, etc.

11.2 DEREITOS E DEBERES DO DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

DEREITOS

1. Dereito á liberdade de ensino e de cátedra, tendo como límite a constitución e as leis.
2. Dereito a ser respectado e valorado polo resto de comunidade educativa e da sociedade en xeral.

3. Dereito a desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo axeitado e poder esixir do alumno/a a atención, o traballo e o material necesario para a súa participación activa na aula.
4. Dereito a participar e recibir a colaboración necesaria na mellora da convivencia así como se lle recoñezan as facultades precisas para mantela.
5. Dereito á protección xurídica adecuada ás funcións docentes.
6. Dereito a elixir e ser elixido para o consello escolar do centro.
7. Dereito a ser elixido director/a ou nomeado xefe/a de estudos ou secretario/a.
8. Dereito a ser informado das incidencias que se produzan no centro, así como das actividades académicas, complementarias e extraescolares que se realicen.
9. Dereito á formación e á actualización permanentes e, en especial, poder acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar.

DEBERES

1. Deber de acudir con puntualidade ás súas clases.
2. Deber de impartir a programación da súa materia.
3. Deber de informar ós alumnos/as sobre a súa programación: contidos, metodoloxía, criterios de avaliación e cualificación.
4. Asistir ós claustros, reunións de ciclos, xuntas de avaliación, e cantas outras se considere oportunas para a coordinación docente e a boa marcha do centro.
5. Deber de anotar as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos.
6. Deber de respectar e facer respectar as normas de convivencia e contribuír ó mantemento da orde e da disciplina no centro en colaboración coa xefatura de estudos.
7. Cumprir co Regulamento de Réxime Interno, así como con todas as demais normativas vixentes.

8. O profesorado deberá dar exemplo ó alumnado no cumprimento das normas do centro.
9. Deber de colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das situacións de acoso escolar.
10. Deber de informar ás familias sobre o progreso da aprendizaxe do alumno/a e da súa integración socioeducativa.
11. Deber de informar ós responsables do centro das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
12. Deber de tratar a tódolos membros da comunidade educativa con educación e respecto.
13. Deber de cumprir todas aquelas funcións e tarefas que teña encomendadas segundo o organigrama xeral do centro.
14. Deber de estar presente no centro educativo para atender as posibles reclamacións das cualificacións do alumnado.
15. Cando o profesorado precise faltar, debe pedir permiso previamente á dirección. No caso dun imprevisto, notificará canto antes a súa ausencia. Unha vez incorporado ó centro presentará a correspondente xustificación nun prazo máximo de 24 horas.
16. O profesorado que teña clase cun grupo na hora anterior ó recreo, velará para que non quede alumnado na aula nin nos corredores.
17. Os profesores con docencia nas horas previas ó recreo ou ben nas últimas horas da mañá ou da tarde, pecharán con chave as portas e deixaran as luces apagadas.
18. O profesorado atenderá ós pais na hora de titorías que teñan no seu horario. Naqueles casos, excepcionais e debidamente xustificados, nos que os pais non poidan acudir ás horas establecidas, tentarase buscar outra hora co obxectivo de cumprir este fin. É imprescindible, para ter unha entrevista cun profesor distinto ó titor dun alumno, que os pais falen primeiro co titor do alumno e canalicen a través deste a correspondente entrevista co outro profesor.
19. O profesorado velará porque o alumnado manteña todo o recinto escolar limpo (non tiren papeis ó chan, usen as papeleiras,...), manteña en

orde ás súas clases (teña ben postas as mesas e deixen recollidas as cadeiras antes de abandonar unha aula,...) e garde silencio en xeral en todo o edificio e especialmente nos corredores, nas aulas, na biblioteca e mesmo no patio durante os períodos de clase.

20.- O profesorado velará porque os medios tecnolóxicos presentes nas aulas sexan empregados polo alumnado só con fins educativos.

21.- O profesorado velará porque o alumnado use correctamente os diferentes recursos tecnolóxicos presentes nas aulas.

22.- Cando no exercicio das súas funcións, un profesor ou profesora decida sancionar a un alumno ou alumna sen período de lecer ou sen parte del deberá permanecer co alumno na aula ou no espazo que determine oportuno (agás corredores ou entrada do centro escolar).

DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

DEREITOS DOS ALUMNOS

Os alumnos e alumnas teñen dereito a:

- Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ó pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- Que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios, degradantes nin de situacións de acoso escolar.
- Participar no funcionamento e na vida dos centros, na actividade escolar de acordo co disposto na Lei Orgánica reguladora de dereito á educación, nos respectivos Regulamentos Orgánicos e na Lei de Convivencia da Xunta de Galicia.
- Ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis de ensino, que se promoverá mediante a non discriminación por calquera tipo de condición ou circunstancia persoal ou social.
- Que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade. O centro deberá facer públicos os criterios xerais que se van a aplicar para

a avaliación dos aprendizaxes e a promoción dos alumnos e alumnas. Os titores e mestres manterán unha comunicación fluída co alumnado e a súa familia; estes, así coma os seus titores legais, poderán reclamar contra as decisións e cualificacións.

- Unha orientación escolar.
- Que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Que o centro educativo garde a reserva sobre toda aquela información que teñan acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno.
- A elixir ós delegados do grupo.
- Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
- A manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten, atendendo a criterios de civismo, e seguindo os condutos regulamentarios.
- A reunirse no seu centro docente para actividades de carácter escolar ou extraescolar, así como para outras con finalidade educativa ou formativa, previa consulta cos órganos de goberno e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

DEBERES DOS ALUMNOS

Os alumnos e alumnas teñen o deber de:

- Participar na vida e funcionamento do centro educativo, especialmente na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo.
- Participar na elaboración das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
- Respetar a dignidade do profesorado, as súas funcións e as orientacións no exercicio das súas competencias.

- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a dignidade, a integridade e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa, así como non discriminar a ninguén por razón de nacemento, raza, sexo ou outra circunstancia persoal ou social.
- Respectar as normas de convivencia e disciplina do centro educativo.
- Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos membros da comunidade educativa.
- Intervir, a través das canles regulamentarias en todo aquilo que afecte á convivencia do centro escolar.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso, cumprir e respectar os horarios, seguir as orientacións do profesorado con respecto e consideración, respectar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros.

DEBERES E DEREITOS DAS NAIS E PAIS OU TITORAS OU TITORES

1. As nais e pais ou tutores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - 1.a- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - 1.b- A ser informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ó profesorado e ós membros do equipo directivo do centro docente.
 - 1.c- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.

1.d- A ser oídos, nos termos previstos pola lei e citados no apartado correspondente, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

1.e- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa:

-Formar asociación de pais /nais podendo formar federacións ou confederacións.

-Elixir os seus representantes no consello escolar.

-Utilizar as instalación do centro.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as ou pupilos/as, teñen os seguintes **deberes:**

2.a- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado do centro.

2.b- Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

2.c- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

2.d- Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seu fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

2.e- Cumprimentar e enviar ó centro a documentación que se lle remita ós seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

12. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

Os centros docentes poñerán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu Plan de convivencia e no seu Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou alumno corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes e mellorar as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e a súa integración no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e aos agresores.

Os incumprimentos das normas de convivencia serán valorados antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada ou privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado, os seus proxenitores ou representantes legais deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste

decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo no que estean escolarizados.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

Para o caso de comisión de actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, a instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá poñelo en coñecemento da administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. No relativo ao acoso escolar, este terá consideración de conducta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou tutores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorrese en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades

complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto docente que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

12.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos

informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro. Dita medida correctora terá carácter excepcional.

Para a aplicación destas medidas terase como referencia a lei de convivencia 4/2011 do 30 de xuño e ao Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que a desenvolve.

Para a *aplicación destas medidas correctoras*, o director do centro, por proposta do instrutor do procedemento corrector, impondrá as correccións de conformidade cos procedementos previstos.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida ou readmitido nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión, se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta.

Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Aula de convivencia inclusiva.

O obxectivo da mesma é o de substituír o tempo de expulsión do alumnado, que como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivera temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, para os efectos de mellorar o seu reingreso no menor tempo posible.

a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta:

O salón de actos será asignado como aula de convivencia, co obxecto de atender as situacións en que un alumno ou alumna sexa privado temporalmente do dereito de asistencia ao centro.

Nesta aula realizará as tarefas encomendadas polo seu titor e os especialistas que imparten docencia no seu grupo, de cara a continuar o avance nas áreas curriculares segundo o horario estipulado.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva:

A atención do alumnado da aula de convivencia durante o período en que a sanción estea en vigor, corresponderá ao profesorado de garda ou profesorado con dispoñibilidade horaria, atendendo ao horario que se estableza dende a xefatura de estudos.

c) Programación das actuacións do Departamento de Orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia:

O xefe do departamento de orientación contemplará as actuacións pertinentes para traballar co alumno ou alumna sobre aspectos relacionados coa convivencia.

d) Horario, localización, instalacións e material didáctico co que conta aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento:

A aula de convivencia estará en funcionamento durante toda a xornada lectiva. O material a disposición será o aportado polo titor e os especialistas do grupo ao que corresponde o alumno ou alumna, ademais do que se poida aportar dende o departamento de orientación.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

12.2. Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que

perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

- c) A inexistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Os responsables da aplicación destas medidas correctoras serán:

- A persoa titular da dirección do centro, oída a alumna ou oído o alumno e a súa profesora ou profesor, titora ou titor, será competente para decidir e impoñer as medidas correctoras contempladas. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai, ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de convivencia do centro.
- Para decidir e impoñer as medidas correctoras, agás as contempladas nas alíneas g) e h), serán competentes os seguintes membros da comunidade educativa, por delegación da dirección do centro:
 - a) O profesorado do alumnado, oído este, e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, en caso das medidas contempladas nas liñas a) b) e c).
 - b) A titora ou titor da alumnado, oído este, e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, en caso das medidas contempladas nos liñas a), b), c) e d).
 - c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, oído o alumnado e o seu profesorado, titora ou titor, en caso das medidas contempladas nas liñas a), c), d), e) e f).

A Solicitude de revisión e execución de estas medidas, realizarase da seguinte maneira:

- As alumnas ou os alumnos aos que se lles aplique as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas liñas g) e h) , ou de ser o caso, se fosen menores non emancipados, os seus proxenitores ou representantes legais poderán mostrar o seu desacordo coa aplicación destas, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro, que logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

- A resolución que impoña algunha das medidas correctoras pon fin á vía administrativa, e será inmediatamente executiva.

12.3. Situacións de absentismo escolar

Aplicarase o protocolo elaborado pola Xunta de Galicia, recollido como Anexo II neste documento.

En todo caso, cando un alumno non asista á escola, a familia deberá poñerse en contacto co titor para comunicarlle a ausencia e saber si é necesario a realización de tarefas por parte do alumno ou alumna, de cara a evitar dificultades na aprendizaxe das distintas materias.

13. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Co obxectivo de dar a máxima difusión ao Plan de Convivencia do centro, estará publicado na aula virtual e na páxina web do centro, de maneira que todos os sectores da comunidade educativa terá en todo momento acceso a el.

14. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

- Ao longo do desenvolvemento do plan, polos implicados en cada actuación
- Ao finalizar cada avaliación: profesores/as e alumnos/as
- Periodicamente, sobre cada un dos programas
- Ao finalizar o curso → RESULTADOS

15. REVISIÓN E ENRIQUECEMENTO DO PLAN

- Revisión dos contidos xerais do plan: obxectivo, áreas a mellorar
- Adaptación dos contidos do plan aos cambios da realidade do centro
- Modificación dos procesos de acordo coa súa avaliación
- Introducción de novas actuacións

Anexo I: Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

Anexo II: Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar.